U.semo-la PANIFICADORA!!!

[borrador] agosto 2012

Obxectivo a longo prazo:

Xestión e plan de usos da Panificadora, Vigo: Artellar un modelo de xestión para a recuperación do inmoble, cun modelo económico sostible baseado na escoita das demandas das cidadás a desenrolar tecnicamente na evolución do proxecto.

Desenrolar o plan de usos a partires dun modelo participativo, no que a partires dunha coordinación técnica se integre o diálogo dos distintos actores implicados: veciños, propietarios, xestores, técnicos...

Obxectivos parciais a tres tempos :

1 ACHEGAMENTO Á FORMA DE HABITA-LO BARRIO DA FALPERRA E DA CIDADE DE VIGO, POLAS PROPIAS VECIÑAS, CÓ FIN DE DEFINI-LAS NECESIDADES E VISIBILIZALAS ÁS INTITUCIÓNS PÚBLICAS E OUTROS AXENTES IMPLICADOS.

   a. Coñece-lo sentir do barrio, as necesidades de espazos comunitarios, de equipamentos, etc, coñece-las demandas existentes, e aquelas que sen saíren á luz están latentes e aprécianse nunha ollada analítica.

   b. Establece-los lazos entre as distintas asociacións, colectivos, veciñas… interesadas, administración pública e porpietarios.

2 ELABORACIÓN DUN PLAN DETALLADO DE USOS E DE XESTIÓN, PARTINDO DUN ESQUEMA FLEXIBLE QUE POIDA MUDAR Ó TEMPO QUE VARÍAN AS NECESIDADES DE USO.

3 ESTABLECE-LOS MARCOS DE ACCIÓN FÍSICOS E LEGAIS PARA A ADAPTACIÓN DO INMOBLE ÓS USOS PREVIAMENTE CONSENSUADOS.

   a. Coñece-lo estado físico do inmoble para valora-las obras mínimas de mantemento e recuperación necesarias para posibilita-lo uso público do espazo.

   b. Profundar na situación "legal" da Panificadora: Planeamento vixente, estrutura da propiedade, planeamentos sectoriais que poidan ter implicación, etc

   c. Establece-los mecanismos de organización e xestión e defini-las acción concretas.

OBXECTIVO 1º_O BARRIO FALA, O BARRIO USA

Acción 01:

PIANIFICATE!!!QUÉ FARÍAS TI NA PANIFICADORA?

Presentación dunha convocatoria aberta de ideas

DEIXADE VOAR A VOSA IMAXINACIÓN E PROPOÑEDE UN PROXECTO DE USO PARA A PANIFICADORA!!!

Obxectivo: unha primeira toma de contacto coa cidadanía tanto do barrio, da cidade de Vigo, e de aquelas persoas que, sen vivir na cidade coñecen a problemática e están interesados en aportar ideas de cara a súa recuperación e desenrolo.

Presentación: publicítase durante dous meses a convocatoria por pegada de carteis e difusión na rede. Data límite da recepción de propostas o 20 de outubro do 2012, entre o 20 e o 26 de outubro, TANK concretiza a maneira de expoñer os distintos traballos e de dinamiza-la tertulia PIANIFICATE no festival CURTOPÍA 2012. Alg-a Lab, Valadares, Vigo.

Acción 02:

RADIO PATIO no BARRIO DA FALPERRA

[Aplicación da metodoloxía "Escoita do Cidadá]

Deseño e construción dun “artefacto” móbil, [TANKmóbil] que durante unha fin de semana, situarase nas inmediacións do barrio da Falperra e constitúa un lugar onde expresarse, onde contar segredos e xerar complicidades a cerca das necesidades e inquedanzas do uso do espazos colectivos.

Acción 03:

TERTULIA PANIFICATE!

No contexto do festival **CURTOPÍA 2012** os días 27 e 28 de outubro en **ALG-A lab** Valadares, presentaranse e expoñeranse os resultados das accións 01 e 02. Apertura da tertulia-debate **PANIFICATE!** ó redor do estado actual da Panificadora e dos seus posibles usos e modos de xestión.

tankollectif

http://tankollectif.blogspot.com.es/